

O galego que eu aprendo non é o galego dos meus avós

O galego que eu aprendo na escola non é exactamente o mesmo que falan os meus avós. Ou sí?

Eles empregan un galego máis popular, transmitido oralmente, cheo de expresións propias da súa zona e con influencias do castelán. É unha lingua viva, pero sen normas fixas, que varía segundo o lugar e mesmo segundo a familia.

Hoxe, o galego que estudamos é un idioma normalizado, con regras ortográficas e gramaticais establecidas pola Real Academia Galega. Isto permítenos escribir e falar cunha maior unidade, para que todos nos entendamos sen importar de onde sexamos.

Pero esta lingua actual tamén se adapta ao mundo moderno: ten vocabulario para falar de informática, ciencia ou redes sociais, cousas que os nosos avós non precisaban nomear.

Non hai un mellor e outro peor. O galego tradicional conserva a riqueza das palabras antigas, dos refráns e das formas de falar que transmiten cultura e identidade. O galego normativo achega orde, prestixio e utilidade para que poida empregarse en todos os ámbitos da sociedade.

En conclusión, o galego que eu aprendo non é o mesmo que o dos meus avós, pero ambos forman parte dunha mesma historia. O galego evoluciona, cambia e adáptase, e iso é o que lle dá forza para seguir vivo.

A nosa responsabilidade é respectar o galego herdado e, ao mesmo tempo, usar o galego actual con orgullo para que continúe no futuro.

PABLO DÍAZ DÍAZ 4ºC

IES Lucus Augusti

Lugo